

## SEMANA 2- 8 XUÑO

- **MARTES 2:** Hoxe imos repasar os números 1,2 e 3 e asocialos coas cantidades. Como exemplo mirade as dúas fotografías:



Escribimos as cantidades nun papel ou no chan, e teñen que ir colocando obxectos enriba. Tedes infinidade de variacións, poden coller elementos iguais, do mesmo tipo... Trátase de que relacionen o número coa cantidade que lle corresponde.

*\* Despois dun rato xogando poden facer as fichas que tedes ó final.*

- **MÉRCORES 3:** Antes de nada lembraros que hoxe temos a videoconferencia.

Ademais disto hoxe imos xogar coas vogais. No arquivo titulado MEMORY DE VOGAIS tedes unhas cartas para recortar e xogar a facer parellas. É importante que cando levanten unha carta digan o nome da vogal e palabras que empecen por ela.

*\* Para seguir traballando tedes unha ficha ó final.*

- XOVES 4: Que tal a celebración do Día Mundial das Abellas? Aprendestes moitas cousas novas?. Hoxe imos ver COMO NACEN AS ABELLAS.

	
<b>OVO</b>	<b>LARVA</b>
	
<b>PUPA</b>	<b>ABELLA</b>

Como animais Oviparos as abellas poñen OVOS. A RAÍÑA é a que pon os ovos que son alimentados polas abellas OBREIRAS con XALEA REAL. Estes ovos van crescendo ata transformarse en LARVAS que xa son alimentadas con MEL. A larva segue

crecendo e formándose dando lugar á PUPA que por último se transformará nunha ABELLA. Este pequeno resume ilustrado, podedes velo mellor explicado no seguinte enlace a partires do segundo 54:


<https://www.youtube.com/watch?v=0bfHsWIJC6A>

*\*E agora facemos a ficha ó final do documento.*

- VENRES 5: **Día Mundial do Medio Ambiente** . O Equipo de Actividades Complementarias do cole fainos unha proposta para celebrar este día, que podedes atopar na web do cole no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelos/?q=node/292>

Que tal se facemos nos un Veleiro Verde? Aquí tedes as instrucións:



<https://youtu.be/I15Tzso8gMY>

*\*Tedes tamén unha ficha coa conmemoración deste día.*

- LUNS 8: Hoxe imos facer arroz de cores para logo utilizalo para decorar un debuxo.




Se clicades onde pon ARROZ DE CORES teredes a explicación de como se fai e que necesidades. Tamén nese mesmo arquivo tedes uns debuxos para decorar co arroz resultante (lembrade pegalos nun cartón ou similar para que sexa máis resistente). Se vos apetece máis podedes decoralos con outros materiais, como vos pareza.

E ata aquí as propostas desta semana. Agardo por vos o  
MÉRCORES 3 ás 12:30 ou 16:30.

Non faltedes!!!

María

3




# REPASAMOS E COLOREAMOS


1




2



3




# COLOREA OS OBTXECTOS QUE EMPEZAN POR...



A				
E				
I				
O				
U				





## COMO NACEN AS ABELLAS?

1°

2°

3°

4°





OVO

LARVA

PUPA

ABELLA



**5 DE XUÑO**

**DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE**



**COIDEMOS O PLANETA**